

CONTIDOS	ACTIVIDADES TIPO
<p>O feito comunicativo</p> <ul style="list-style-type: none"> • Elementos da comunicación • Funcións da linguaxe • Linguaxe, lingua, fala • Os signos. O signo lingüístico 	<ul style="list-style-type: none"> - Reflexionar sobre determinado acto comunicativo. - Explicar conceptos como ruído e redundancia. - Identificar a función da linguaxe dominante nun texto e os seus procedementos máis evidentes. - Distinguir linguaxe, lingua e fala. - Precisar as variedades diastráticas e diafásicas. - Distinguir ou crear diferentes tipos de signos. - Caracterizar o signo lingüístico (vs linguaxe animal).
<p>As propiedades textuais I</p> <ul style="list-style-type: none"> • A adecuación • A expresión da subxectividade 	<ul style="list-style-type: none"> - Detectar o axuste ou desaxuste dun texto ás esixencias da adecuación textual. - Identificar marcas de subxectividade nun texto e reflexionar sobre o seu valor.
<p>Tipos e xéneros textuais</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Distinguir tipos, xéneros e ámbitos. - Extraer os tipos textuais presentes nun fragmento. - Identificar xéneros textuais vistos. - Caracterizar os principais xéneros do ámbito académico. - Caracterizar os principais xéneros do ámbito xornalístico.
<p>As linguas da península</p> <ul style="list-style-type: none"> • As linguas territoriais minorizadas • Contraste lingüístico • Variedades dialectais do portugués • A lusofonía 	<ul style="list-style-type: none"> - Caracterizar e presentar a situación actual de unha das linguas minorizadas peninsulares ou de varias en contraste. - Detectar regras de evolución características dunha lingua romance peninsular ou de varias en contraste. - Presentar as variedades do portugués, con algún dos seus trazos. - Comentar o valor das principais iniciativas culturais de contacto coa lusofonía.

TEXTO E PREGUNTAS MODELO

Os castros no Courel

Aínda que se constatan asentamentos xa desde finais da Idade de Bronce (s. VII a.C.), a cultura castrexa propiamente dita non se desenvolveu até máis tarde. Os castros son numerosos na serra, espallados a maioría polos cumios e as ladeiras das montañas, aínda que os asentamentos existentes antes da chegada dos romanos estaban situados preto dos ríos, como o castro da Devesa do Rei. Nesa localización éralles máis fácil acceder aos recursos e podían ter mellores terras para o cultivo.

A chegada dos romanos vai traer importantes modificacións dos costumes construtivos. En canto ao emprazamento, os poboados desprázanse ás zonas altas, máis seguras para poder albiscar nun primeiro momento os inimigos. E logo, unha vez conquistados, para estaren máis preto das explotacións auríferas, que van demandar moita man de obra. Esta nova actividade que impuxeron os conquistadores implica exercer un control máis férreo sobre as poboacións autóctonas e aumentar as defensas dos asentamentos; como exemplo temos o castro do Monte Cido.

Nesta área, pois, os castros están relacionados co interese mineiro que o Courel reunía en toda a conca do río Lor. Poucos están catalogados e escavados e entre os mellor conservados atópase o espectacular Castro da Torre, na aldea de Sobredo. Está situado nun promontorio a 761 metros de altitude con espléndidas vistas da serra. Nel as vivendas teñen tanto forma circular como rectangular e tamén conserva un alxibe escavado na rocha. Outro asentamento castrexo singular é o castro de Vilar, situado na aldea homónima a máis de 500 metros de altura. O lugar é espectacular e perigoso a un tempo, pois está situado nun saínte cunha caída en desnivel de 200 metros até o río.

Adaptación de *Monte Cido*

1. Cal é a función lingüística que predomina no texto? Que indicadores principais permiten identificala? Con que elemento da comunicación se relaciona directamente e por que?
2. Analiza a presenza do emisor no texto e relaciona as túas conclusións co xénero textual ou co ámbito de uso.
3. Que dous tipos textuais detectas no texto? En que partes? Cal deles predomina? De que xénero textual se pode tratar? Xustifica as respostas.
4. Se no acceso a un castro atopases os seguintes carteis, como os interpretarías. Que tipo de signo constitúen e por que?



5. Que caracteriza o signo lingüístico? Contrástao coa comunicación animal.
6. Expón, con expresión persoal, a situación social dunha das linguas da península que, dentro dos límites do Estado español, non supere o medio millón de falantes. Dédicalles parágrafos específicos aos aspectos: zonas nas que é territorial, número de falantes e status legal e mais vitalidade.
7. Cita e presenta minimamente catro das principais iniciativas culturais de conexión do galego co mundo lusófono que se desenvolveron nos últimos anos. Indica tamén o valor conxunto destas.